

TRINTA LUMES

[Diana Toucedo, 2018]

485

ESTREA EN NUMAX: 08.02.2019 | V.O. | +7

Trinta lumes (2018, 80')

Dirección: Diana Toucedo

Guión: Diana Toucedo

Elenco: Alba Arias, Samuel Vilariño

Montaxe: Ana Pfaff, Diana Toucedo

Son: Ricard Marcet, Oriol Gallart

Música: Sergio Moure de Oteyza

Fotografía: Lara Vilanova

Produtoras: Lasoga Films + DianaToucedo Films (España)

Distribuidora: Elamedia

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego

PREMIOS E FESTIVAIS

D'A Film Festival 2018 (Premio da Crítica), Filmadrid 2018 (Mellor Longametraxe Días de Cine), Cinespaña Toulouse (Mellor Fotografía), REC Tarragona 2018 (Premio do Xurado Mozo), Novos Cinemas 2018 (Premio do Público), Premios Feroz 2019 (Nomeado a Mellor Documental), Premios Gaudí 2018 (Nomeado a Mellor Documental), Mestre Mateo 2018 (Nomeado a Mellor Documental)

SINOPSE

Alba ten doce anos, vive no Courel e desexa descubrir o descoñecido, o misterioso e o fascinante da morte. Co seu mellor amigo Samuel entra en casas abandonadas, percorre aldeas destruídas e adéntrase no interior dunhas montañas que agochan outro mundo paralelo. Unha viaxe que parte da inocencia para descubrir o misterio da loita entre a vida e a morte.

FILMOGRAFÍA

Por que non cantades todas, 2015
[curtametraxe]

En todas as mans, 2015

Imáxenes secretas, 2013 [curtametraxe]

Ser de luz, 2009 [curtametraxe]

«Un esforzo atávico,
enigmático, hipnótico
e até demente por atrapar
a semente do apenas visíbel,
do eterno»

Luis Martínez, EL MUNDO



“Parecíame importante falar do rol feminino no fogar como lugar onde as narracións son moi fragmentarias”

Entrevista con Diana Toucedo
Por Sergio Barral

Como foi a experiencia da rodaxe e como cambiou (o filme)? Cambiou bastante. O filme como proceso puido ter dúas etapas. A primeira foi investigación pura e dura. Eu entrei no Courel a través dun colexio, polo contacto cunha moza, e enfoqueime moito nos nenos, que non eran moitos. Nun inicio estaba bastante enfocada neles e no coñecemento do mundo desde o colexio. Estiven dous anos indo ao Courel cada poucos meses facendo estancias de ao redor dunha semana. Quería traspasar a liña de “veño aquí de vacacións” e non ser allea, senón ir coñecendo máis xente da comunidade e que me fosen abrindo máis portas, até chegar ao momento de estar integrada coa familia. Estiven na procura dunha mirada que non fose etnográfica, que a cámara fose un personaxe máis, que vivise desde dentro a historia. Pasei moito tempo sen gravar, pasando tempo en casa vivindo con eles. Todo o material que gravei neses dous anos quedou nun disco duro e deixeiño fóra. A partir de aí empecei a traballar no filme como hoxe

en día o podes ver. Catro protagonistas con Alba como condutora do relato.

Notei que houbo varias decisións que introducen certo risco no visionado que son de valente elección como realizadora. Ás veces non tomamos certos riscos que poden mellorar a experiencia no espectador, e isto mantennos normativos. Tiña claro o tema dos efectos especiais, a procura de caras nas pedras, e que o traballo de posproducción estaba aí. Hai xente que prefere quedar no sutil e outra cre que ao visualizalo se entende mellor. Polo xeral, o filme traballa coa primeira idea, e aquí entra en xogo aquel desexo da protagonista, Alba, de querer ver aquel mundo invisíbel. Con este xogo entra a idea dos vagalumes, que extraín de Manuel Rivas, un animal vinculado a dous mundos, vida e morte, pode entenderse como unha luz que ilumina e resiste.

Neste transvasamento de montadora a directora xórdeme unha cuestión, necesitas ter unha estrutura pechada para traballar? Traballo moito desde a intuición, o que pode ser un pouco incoherente como montadora. Nun inicio tento pechar as relacións de montaxe, doulle moito peso ao proceso de escritura, aínda que sexa un documental, porque hai que pasar por un proceso de pensamento para saber que queres atopar. E desde aí abrirse ao que veña, e isto pode ser complexo á hora de traballar en equipo. Por unha banda, a planificación e por outro, a rodaxe. Neste filme traballei con outra persoa porque é algo que me gusta: estar comentando na mesa de montaxe. Ademais sinto que non

teño a mesma obxectividade que cando son unicamente montadora e podo ter esa distancia.

Que intencións hai con esta historia?

Lese un pouco dentro e fóra de Galicia. Pode verse cunha lectura que vai moi atrás, ao pasado coas tradicións, e tamén a importancia do presente. Unha pregunta clara é que imos facer co que temos hoxe, e aí Samuel, que é un personaxe máis pragmático, da terra e do agora, queda só coa desaparición de Alba fronte a todo iso.

A figura e a carga feminina na túa obra non é algo alleo, e percíbese neste filme do mundo rural do Courel. Como aparecen estas presenzas na historia?

Neste filme parecíame importante falar do rol feminino no fogar como lugar onde as narracións son moi fragmentarias e veñen, ocúltanse, volven saír á luz... É dicir, o noso día a día é estar a tratar con moitas cousas e as máis importantes non son as que se verbalizan nin as visíbeis, senón as que están aí, por baixo. As nais están facendo mil cosas, e unindo as familias dunha forma moi forte, cunha vontade a partir dunha comida ou calquera outra acción. Entón, todo iso que ocorre no fogar, coa presenza da muller como elemento vertebrador, pareceume importante para a realización de *Trinta lumes*, e pode sorprender, pero fun moi consciente coa presenza das catro nenas, das mulleres entrando e saíndo en pantalla. Pensei moito a narración coa familia e o fogar como elementos simbólicos.

Fragmentos da entrevista publicada en acuartapared.com
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Os Eidos. O libro do Courel,
Uxío Novoneyra. Xerais
María Mariño. Obra completa,
María Mariño. Xerais

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

Abónate agora e ven sempre por